

**ACTA DA SESION ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
CORRESPONDENTE O DIA 17 DE OUTUBRO DO 2005.-**

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día dezasete de Outubro de dous mil cinco; a unha do mediodía xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don Marcos Blanco Jorge.- Concelleiros: Don Francisco Xabier Carreira Sebio, Dona Manuela Iglesias Collarte, Don Luisa del Carmen Escudero Centrón e Don José Ignacio Gómez Pérez.-

Está presente o Secretario-Interventor accidental, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado 14 de Febreiro (Ordinaria).

2.- OBRAS MAIORES.-

Examinadas as solicitudes presentadas e os informes emitidos polo Sr. Aparellador Municipal, concédese licencia para a execución de obras, salvo os dereitos do común e sen prexuízo de terceiros, ós seguintes señores, a cal licencia non terá efecto sen o previo aboamento dos dereitos municipais que constan na liquidación provisional do Sr. Interventor, a resultas da definitiva, por unanimidade:

A **Don Luis Otero Vidal**, veciño desta Vila, con domicilio na rúa Yañez nº 6, 2º, para que nun inmobile sito na estrada da Veiga, San Cristovo, poida proceder á construción dunha Vivenda Unifamiliar, de acordo co Proxecto Básico e de Execución redactado polos arquitectos Don José M. Iglesias Araujo e Don Gonzalo Moure Ferreiro, visado con data do 22 de outubro de 2004 e Anexos que consta no expediente visados. Consta encargo de Dirección de Aparellador. Deberá formalizar mediante escritura pública a cesión dos terreos frontais segundo consta na documentación técnica (superficie de cesión 50,40 m²). Ante do inicio das obra formalizarase ante a Autoridade Laboral as disposicións que lle son esixibles en materia de seguridade e no nivel esixible (R.D. 1627/1997 e concurrentes). A vólidade e prazos de execución desta licencia estarase ó disposto no artigo 197 e ss. da Lei 9/2002 do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia. Prácticase a liquidación provisional ós efectos do Imposto de Construcións, Instalacións e Obras desta licencia, o cal

importe é de 2.418 euros.- Asemade, faiselle saber que, terá que colocar nun lugar visible un cartel anunciador da obra, no que figuren os seguintes datos: promotor, constructor, dirección de obra, data da licenza e presuposto.

3.- ESCRITOS DE SEÑORES CIUDADANS.-

Visto o escrito de Don Luis Felipe Fernández Fernández, con domicilio na rúa Curros Enríquez nº 34, entresolo 1º, Ourense, no que interesa informe urbanístico aplicables a un inmovible sito na N-120, P.K. 595,7 M.D., A Quinza (Polígono 14, Parcela 160), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, presta aprobación ó informe emitido polo Sr. Aparellador Municipal que di:

Visto o escrito presentado por Don Miguel Dávila Pérez, veciño desta Vila, con domicilio na avda. de Redondela nº 4, Atico H, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o devandito inmovible, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda concede-lo dereito de acometida para o uso doméstico, que será supervisada pola empresa concesionaria do servicio; o interesado fará aboamento no Concello da cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, sen o cal requisito esta licenza ficará nula e sen efecto, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, párrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servicio.

4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

A Xunta de Goberno Local, toma coñecemento dos seguintes:

5.- CUESTIONS ECONOMICAS.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, presta aprobación a certificación número 4 da obra nomeada "Mellora Saneamento Parque Empresarial de San Cristovo" POL 2004, Obra núm. 370/O.L., por un importe total de 36.646,18 euros; o aboamento farase con cargo ás aportacións seguintes: do Estado, 1.517,15 euros; Feder/Map, 3.540,02 euros; Feder/Al, 22.108,64 euros; Deputación, 1.216,65 euros e Concello, 8.263,71 euros.

ADXUDICACION DEFINITIVA DO CONTRATO DE CONSULTORIA OU ASISTENCIA TECNICA PARA A EXECUCION DAS ACCIONS DO PROXECTO "AVIA CREA FUTURO" DA INICIATIVA COMUNITARIA EQUAL.- Visto o estado procedimental no que se atopa o expediente de contratación da Consultoria ou asistencia técnica para a execución das accións do proxecto "Avia Crea Futuro", da iniciativa comunitaria Equal,

mediante procedemento negociado, sen publicidade e a traves de concurso.

Resultando que durante o prazo hábil aberto a tal fin, presentáronse as seguintes proposicións:

"AYSE ASESORIA Y SERVICIOS EMPRESARIALES S.A."

Vistas as bases do concurso, e a proposta da Mesa de Contratación, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda o seguinte:

- 1.- Declarar válido o acto de licitación
- 2.- Adxudicar definitivamente o concurso para executar a consultoría ou asistencia técnica para a execución das accións do proxecto "Avia Crea Futuro" da iniciativa comunitaria Equal, a empresa AYSE ASESORIA Y SERVICIOS EMPRESARIALES S.A.. con domicilio na rúa Cardenal Cisneros nº 58, 1ºB, 28.010, Madrid, como autora da proposición mas ventaxosa das presentadas para a Corporación que é a seguinte: oferta económica, 14.000 euros, I.V.E. incluído.
- 3.- Devolver as garantías provisionais a todos os licitadores excepto o adxudicatario, que deba ser requerido para a constitución da garantía definitiva, no prazo de 15 días naturais seguintes a recepción da notificación do acordo de adxudicación.

6.- ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-

Non houbo.

E sendo as dúas do mediodía, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.